
1.- O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).

O Neolítico é unha etapa da Prehistoria caracterizada polo inicio dunha serie de transformacións revolucionarias que permitiron superar o Paleolítico, de tal maneira que se denomina **revolución neolítica**. As orixes do Neolítico sitúanse cara o 8000 a. C. no Próximo Oriente, pero na península iniciábase máis tarde, sobre o 6000 a. C. Caracterízase por:

- Economía produtora coa introdución da **agricultura** e da **gandería**. Durante este período o ser humano é quen de producir os seus alimentos polo que pasamos **dunha economía depredadora a outra de tipo agrogandeira**. Na transformación da economía houbo unha posta en práctica da observación dos ciclos da natureza, posiblemente un feito protagonizado polas mulleres. Agora o ser humano é quen de seleccionar plantas e animais para domesticalos co fin de garantirse o seu sustento e así desenvolveuse a agricultura do trigo, cebada e leguminosas e a domesticación de gando bovino, caprino e porcino. Este proceso é o que denominamos **neolitización**.
- Aparición dos primeiros **poboados estables** debido ó asentamento da poboación (**sedentarización**). Os cambios económicos permiten asentarse ás comunidades humanas en poboados fixos abandonando o nomadismo.
- Incorporación progresiva de **avances tecnolóxicos** debido á transformación da economía. Pasouse da pedra tallada do paleolítico á pedra puída (para usos agrícolas como a fabricación de foches ou aixadas para cavar a terra), á creación de muíños de man para transformar o gran en fariña e a fabricación de recipientes para almacenar o excedente dando pé á aparición da cerámica. Ademais xurdiu a actividade téxtil para elaborar os primeiros tecidos.

As primeiras comunidades neolíticas estarían estruturadas arredor de clans familiares, pero co tempo, xa na denominada **Idade dos Metais** (a partir do terceiro milenio) os excedentes agrícolas permitirían unha **especialización en determinados traballos aparecendo unha primeira división social**. A necesidade de defender os recursos implicaría a necesidade de crear unha **casta guerreira** que pola importancia da súa función comezaría a distinguirse dos demais membros da comunidade. O excedente tamén daría lugar á **actividade de intercambio** con outras comunidades veciñas, a través do **troco**, o que iría estratificando a sociedade.

As **crenzas** probablemente estarían relacionadas co culto ás forzas da natureza e todo o que propicia unha boa colleita (o sol, a lúa, a auga, a nai terra...). Os restos da súa **actividade cultural** teñen que ver coa pintura rupestre (en abrigos rochosos) a coñecida como **arte rupestre levantina** que se desenvolveu na zona mediterránea nos inicios do Neolítico (7.000-4.000 a. C.). Son pinturas de tipo esquemático, practicamente monocromas, con figuras humanas e animais formando escenas variadas (loitas, caza, recolección) cun claro sentido narrativo. Estas pinturas contrastan co naturalismo da etapa anterior, no Paleolítico Superior (entre o 40.000 e o 10.000 a. C.) da que se coñece como **arte rupestre cantábrica**, con figuras polícromas e illadas de animais pintadas no interior de covas como a de Altamira.

A finais do Neolítico o desenvolvemento dos ritos funerarios levou á aparición do **megalitismo**. Trátase da construción de enterramentos colectivos con grandes laxas de pedra. Predominan o **dolmen** (en Galicia *mámoa* cando conserva a cuberta de terra), os menhires, o sepulcro de corredor e o *tholos* (sepulcro de corredor cunha falsa cúpula).

O proceso de neolitización peninsular foi máis intenso no espazo mediterráneo, Andalucía e o centro e sur de Portugal. A orixe desta *revolución* atópase no **contacto das culturas autóctonas coas influencias chegadas polo Mediterráneo** e, para algúns autores, na chegada ás costas mediterráneas de pobos de Oriente Próximo. Máis tarde, tamén chegaron influencias a través do continente europeo.

O Neolítico peninsular divídese en dúas etapas:

- **Neolítico inicial** (6.000-3.500 a. C.) Os principais asentamentos atópanse en covas da **costa mediterránea**. Deste período é característica a **cerámica cardial** (caracterizada pola súa decoración impresa feita con cunchas de berberecho). Posteriormente desde a costa as innovacións estendéronse cara ó interior.
- **Neolítico pleno** (3.500 – 2.500 a C.) Nesta etapa xurdiron **verdadeiros poboados** en zonas chás e axeitadas para o cultivo. Destacan no sueste a **cultura de Almería** e a **cultura dos sepulcros de fosa** en Cataluña. Paralelamente, a estrutura social fíxose cada vez máis complexa e a aparición de obxectos de prestixio nalgúns tumbas indica certa xerarquización social, rompéndose o igualitarismo asociado ao Paleolítico.

2.- Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)

Durante o primeiro milenio a. C. (Idade de Ferro) a chegada de pobos mediterráneos e indoeuropeos influíu na evolución das diversas culturas autóctonas. Conformáronse na Península tres áreas culturais: os iberos no leste e sur; os celtas no centro, oeste e norte; e os celtiberos no leste da Meseta e Sistema Ibérico.

Os **pobos colonizadores do Mediterráneo oriental (fenicios, gregos e cartaxineses)**, que viñeron buscando materias primas como o estaño, fundaron encraves comerciais costeiros (colonias) e actuaron como **transmisores de elementos culturais e tecnolóxicos** máis avanzados dos que se gozaban na Península. Difundiron o emprego do arado, o alfabeto, a moeda, os modelos urbanísticos, as salgadasuras, etc.

No **suroeste peninsular**, na primeira metade do primeiro milenio (entre os séculos VIII e VI a. C.), no espazo correspondente a **Andalucía occidental (treito final do Guadalquivir), a meseta sur e a baixa Extremadura**, destaca a **cultura tartésica**. Temos referencias de historiadores gregos e restos arqueolóxicos: santuarios (*Cancho Roano* en Badaxoz), orfebrería (tesouro de *El Carambolo* en Sevilla) ou enterramentos. Estes restos indican un elevado grao de riqueza e sofisticación social. Politicamente, Tartesos non constituíu unha unidade, senón que existiu unha pluralidade de centros de poder aínda que os textos gregos que fan referencia a reis como Argantonio. A súa economía sustentábase na **minaría** (extracción de prata, cobre e ouro), na **gandería** e nas **actividades metalúrxicas** do bronce. Tartesos era ademais un **centro de comercio internacional** que puxo en contacto a fenicios e gregos cos pobos do oeste peninsular. A partir do século VI a. C., unha combinación de elementos externos (como o crecente poder de Cartago ou a substitución do bronce polo ferro) e internos (como o esgotamento das minas) provocaron a decadencia desta cultura.

No **sueste da Península e na costa mediterránea** localizamos diversos pobos con moitas características comúns, pero que nunca estableceron unha forma de unidade política entre eles. Tiveron, iso si, unha lingua e unha cultura común que se desenvolveu entre os **séculos VII e II a. C. A cultura ibera que se formou polo impacto dos pobos colonizadores (fenicios, gregos e cartaxineses) sobre o substrato indíxena**. A súa organización política estaba bastante desenvolvida debido á influencia do modelo de **cidade-estado**, traído por fenicios e gregos. Cada estado podía comprender varias cidades cos seus territorios circundantes. O modelo político máis frecuente era a **monarquía** e formaban unha sociedade xerarquizada gobernada por reis e dominada por unha aristocracia. A economía baseábase fundamentalmente na agricultura e a gandería e unha importante actividade comercial con outros pobos do Mediterráneo. Isto deixou influencias gregas e fenicias na relixión, no desenvolvemento dun sistema de escritura e no uso da moeda. A decisiva influencia oriental tamén se plasma nas manifestacións artísticas; era unha arte figurativa no que predominaba a funcionalidade relixiosa ou funeraria, destacan esculturas como a *Dama de Elche*, a *Dama de Baza* e a *Bicha de Balazote*.

No **leste da Meseta e no Sistema Ibérico** atopamos unha serie de tribos que van a verse influenciados pola cultura ibera, pero tamén pola presenza dos pobos indoeuropeos, os celtas, na submeseta norte. Mesturaban elementos de ambos, aínda que predominou o factor celta: a influencia ibera maniféstase no uso de moeda e na adopción do seu alfabeto, a celta reflíctese na súa sociedade. A denominada **cultura celtíbera** sitúa os seus poboados en promontorios doados de defender (un caso ben coñecido é o de Numancia), practican unha economía agro-gandeira, e presentan unha sociedade xerarquizada, agrupada en clans e tribos. Foron extraordinarios **guerreiros**, dotados, ademais, dunha excelente tecnoloxía armamentística. Tanto cartaxineses como romanos incorporáronos aos seus exércitos.

Os celtas foron un pobo indoeuropeo que chegou á Península en varias vagas durante o primeiro milenio e se integrou cos pobos indíxenas. Ocuparon a **Meseta Norte e o noroeste da Península**. Achegaron numerosos avances técnicos, como o uso da **metalurxia do ferro**. Os seus asentamentos máis representativos foron os **castros**. A principal actividade dos pobos celtas foi a **gandería** (da que son mostra esculturas de verracos de culto gandeiro como os *Toros de Guisando*), aínda que tamén existiron poboados de agricultores. É xeralmente aceptado que a súa sociedade dividíase en tribos organizados en clans unidos por lazos familiares con certa xerarquización social na que predominaba unha caste guerreira, falaban linguas indoeuropeas e non coñecían a escritura.

No **noroeste atopamos a cultura castrexa**, unha cultura indíxena influenciada polos celtas, que habita os castros, asentamentos fortificados prerromanos formados por casas de tipo circular ou elípticas que adoitan estar situadas nunha área de fácil defensa. Aparecen cara o século VIII a. C., continúan existindo baixo a dominación romana, chegando ata o século II d. C., momento no que comezan a ser abandonados. A cultura castrexa formouse a partir dunha base indíxena que se viu sometida a **influencias culturais atlánticas, mediterráneas e centroeuropeas célticas (apreciables en aspectos como a lingua)**. Estes pobos eran agrícolas e gandeiros e desenvolveron a metalurxia e a ourivería. Non formaron unha unidade política, senón que varios castros dun territorio, que compartían lazos tribais e familiares, formaban grupos máis ou menos homoxéneos e independentes. Tras a conquista romana, os trazos básicos da cultura castrexa perviven e evolucionan dando lugar á cultura galaico-romana.

3.- Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).

A conquista romana foi o proceso histórico de dominio e control militar do territorio da península ibérica por parte de Roma. Este proceso foi bastante dilatado no tempo (desde o ano 218 a. C. ata o 19 a. C.), e terminou coa total integración e asimilación do territorio hispánico no Imperio romano.

O interese de Roma pola península ibérica xurdiu durante o século III a. C. no contexto da **segunda guerra púnica** contra Cartago polo dominio do Mediterráneo Occidental. A primeira guerra púnica rematara cun tratado que establecía a **liña de influencia e dominio cartaxinés no río Ebro**. Ao sur desta liña atopábase **Sagunto**, cidade aliada de Roma, que foi conquistada por Aníbal no ano 219 a. C., feito que se converteu en *casus belli* (motivo de guerra) da segunda guerra púnica. A presenza militar romana iniciouse no ano 218 a. C. co desembarco en *Emporion* (Ampurias) de **Publio Cornelio Escipión**. Nesta etapa as tropas romanas derrotaron aos cartaxineses e conquistaron toda a costa mediterránea peninsular, o val do Guadalquivir e parte do val do Ebro. Na conquista do interior da Península os romanos atopáronse cunha **forte oposición, especialmente de celtiberos e de lusitanos**. Exemplo desa dificultade foi a resistencia da cidade celtíbera de **Numancia** e a dura loita contra os lusitanos dirixidos por **Viriato**. Tras estas guerras a maioría da península quedou baixo control romano. As **guerras cántabras** permitiron o dominio do norte peninsular coa derrota de cántabros, astures e galaicos. Desta maneira toda a península quedou integrada no Imperio Romano en tempos do **emperador Augusto**.

Roma estableceu unha serie de unidades político-administrativas para asegurar o control do territorio, o mantemento da paz tanto interna como externa, a explotación das fontes de riqueza, o cobro dos impostos e a administración de xustiza. Hispania dividiuse en **provincias**. O seu número variou ao longo da dominación romana:

- Nun principio (s. II a. C.) Hispania foi dividida en dúas provincias: *Hispania Ulterior* (áreas do Guadalquivir e Atlántico) e *Hispania Citerior* (áreas do Ebro e Mediterráneo).
- Na época de Augusto (fins do s. I a. C.) as provincias pasaron a ser tres: *Bética*, con capital en Corduba (Córdoba); *Lusitania*, con capital en Emerita Augusta (Mérida) e *Tarraconense*, con capital en Tarraco (Tarragona).
- Durante os séculos III e IV d. C. o mapa provincial foi reformado e ás anteriores engadíronselles a *Cartaginense*, *Gallaecia* e, máis adiante, a *Balearica*. Todas elas formaron *adiócese de Hispania* no goberno de Diocleciano.

Había dous tipos de provincias: **senatoriais**, que estaban controladas polo Senado romano, como a Bética; e **imperiais**, que estaban baixo o control directo do emperador, como a Tarraconense ou a Lusitania. As provincias estaban subdivididas en *conventus* para a administración de xustiza, recadación de impostos e recrutamento.

A intención do imperio era extraer as riquezas que tiña o territorio conquistado para ser enviadas a Roma. Para isto era necesario dotar ao territorio dunha serie de núcleos urbanos reitores do territorio e unha rede de calzadas. As **ciudades** medraron en número e tamaño, de tal maneira que a rede urbana romana está na base da rede urbana española actual (Mérida, Zaragoza, Sevilla, Tarragona). Para o bo funcionamento do sistema era vital ter ben comunicado os diferentes territorios do imperio con Roma para o que os romanos crearon unha excelente **rede viaria baseada nas calzadas**.

O proceso da conquista polos romanos da Península Ibérica foi acompañado pola **romanización** destes territorios, é dicir, que se foi producindo a paulatina adopción polos pobos peninsulares do modo de vida e da cultura de Roma. Coñecese por **romanización o proceso de integración dos pobos prerromanos nos modelos económicos, sociais, político-administrativos, culturais e relixiosos de Roma**. A romanización foi un proceso imposto polos conquistadores, pero tamén **contou co apoio das elites locais**, interesadas en integrarse no Imperio romano para non perder os seus privilexios. A asimilación das novas formas foi **máis intensa na costa mediterránea e nos vales do Ebro e do Guadalquivir** (áreas nas que os pobos indíxenas se viran xa moi influídos polo seu contacto cos pobos mediterráneos) que nos territorios do norte, apenas romanizado, onde perviviron con forza os costumes prerromanos.

A lingua, a arte, o dereito e a relixión foron as principais manifestacións da integración hispana na cultura romana:

- **O latín** difundíuse como lingua de prestixio e dela xurdiron as principais linguas peninsulares (excepto o vasco). Ademais, Hispania quedou integrada no marco cultural romano e algúns relevantes autores latinos foron de orixe hispana: Marcial, Séneca, Lucano (e tamén emperadores como Traxano e Adriano).
- **O dereito romano** estendeuse por toda a Península. O seu emprego regulaba as relacións privadas e o funcionamento das institucións políticas.
- A dominación romana impuxo tamén as **crenzas relixiosas** propias do Imperio. Respectáronse as crenzas locais, pero a relixión utilizouse como medio de integración política e era obrigado o culto ao emperador e aos deuses que simbolizaban o poder de Roma (Xúpiter, Xuno e Minerva). A partir do **s. III difundíuse o cristianismo** en Hispania; Os cristiáns organizáronse administrativamente en dioceses, case coincidentes cos municipios romanos, dirixidas por un bispo.
- As máis relevantes **manifestacións artísticas** atopámolas na **arquitectura**. As obras públicas como a ponte de Alcántara, acuedutos como o de Segovia, xunto con edificacións como os teatros (Mérida) e templos constitúen exemplos do patrimonio artístico herdado de Roma. A pervivencia de moitos destes elementos mostra a importancia determinante do legado cultural romano na historia da Península Ibérica.

4.- A monarquía visigoda (organización política).

A crise do século III provocou a debilidade da defensa do imperio romano, o que levou á invasión de pobos veciños. Os emperadores víronse obrigados a dividir o Imperio e a pactar con estes pobos ou vinculalos como aliados (colaboración militar con Roma a cambio de terras e alimento). A Península Ibérica foi **invadida por suevos, vándalos e alanos a inicios do século V (411)**. Para frealos, o Imperio romano pactou un destes acordos (*foedus*) con outro pobo xermánico, **os visigodos** que remataron coa presenza de alanos e vándalos, quedando os suevos na Gallaecia. Ao caer o imperio romano de Occidente, os visigodos asentáronse no sur de Francia onde crearon **un reino con capital en Toulouse**. A comezos do **século VI (ano 507)**, unha vez desaparecido o Imperio Romano, os visigodos foron derrotados polos francos, deberon abandonar Francia e asentáronse definitivamente na península, creando un **reino independente con capital en Toledo**.*

Os visigodos en Hispania, a pesar de contar co poder político, eran unha **minoría social de guerreiros conquistadores** que dominaban a unha poboación hispano romana moito máis numerosa. Co tempo coñeceron un proceso de asimilación e mesturáronse coa nobreza hispano romana.

A súa forma política era a dunha **monarquía electiva**, de acordo co dereito xermánico, polo que para ser rei era preciso ser elixido pola **assemblea de homes libres**. Esta circunstancia convertía aos monarcas en figuras políticas sempre necesitadas do respaldo nobiliario e a súa sucesión nun momento de enorme inestabilidade política polas disputas entre os candidatos. Os sucesivos intentos de converter a monarquía nunha institución hereditaria para evitar esa febleza e consolidar unha dinastía fracasaron.

Durante a segunda metade do s. VI os reis visigodos desenvolveron unha **política de unificación**:

- **Unificación territorial (Leovixildo)**, buscando situar baixo o seu dominio toda a península (anexión do reino suevo do noroeste no 585, expulsión dos bizantinos do sueste peninsular). Unicamente as áreas do norte habitadas polos vascóns permaneceron semi-independentes.
- **Unidade relixiosa**, dado que os visigodos seguían a doutrina *ariana* considerada unha herexía polo catolicismo, coa conversión ao catolicismo do rei **Recaredo** no III Concilio de Toledo (ano 589).
- **A unificación lexislativa** produciuse co rei Recesvinto no ano 654 coa publicación de *Liber Iudiciorum ou Fuero Juzgo*, que serviu de compilación das normas xurídicas da época. Era un

* A acción dos visigodos arrinconou ao **pobo suevo na Gallaecia**. Os suevos (uns 30 ou 40.000), dirixidos por Hermerico, asentáronse preferentemente no convento bracarense da Gallaecia, e fixeron de Bracara Augusta (a actual Braga en Portugal) o centro do seu reino. Tras unha etapa inicial de saqueo, procuraron ampliar o seu reino a costa de outras provincias de Hispania, pero foron derrotados polos visigodos na batalla do Órbigo (456). O dominio suevo quedou reducido ó noroeste peninsular; no s. VI abarcaba os tres conventos clásicos da provincia da Gallaecia e unha parte da Lusitania ata Coimbra. Nesta época os suevos mantiñan unha convivencia pacífica coa poboación romana facilitada pola súa conversión ó catolicismo. Tamén, nas masas campesinas a actuación de Martiño de Dumio, reorganizador do monacato na Gallaecia, permitiu a consolidación da cristianización e a represión de prácticas pagáns e priscilianistas. A finais do s. VI rexurdiron os enfrontamentos entre suevos e visigodos. No ano 585 o rei visigodo Leovixildo puxo fin ó reino suevo anexionándose definitivamente o seu territorio.

documento que fusionaba o dereito xermánico, baseado no costume, co dereito romano, e que tivo unha notable importancia na orixe do dereito español. Favoreceu a integración da minoría dominante visigoda coa poboación hispano-romana ao establecer a igualdade entre ambas e permitir os matrimonios mixtos.

Os poderes do rei eran grandes en teoría: xefe do exército, xuíz supremo, capacidade para declarar a guerra e a paz, poder lexislativo. Para as funcións de goberno os reis visigodos rodeábanse do denominado **Officium Palatinum**, entre o que destacaba:

- **A Aula Rexia.** Este órgano facía as funcións de consello real e os seus membros, aristócratas e magnates do reino, eran designados polo rei. Tiña carácter consultivo e xurdiu para auxiliar ao rei nas tarefas de goberno, elaborar as leis e impartir da xustiza. Tamén interviña na elección do monarca o que redundou na súa importancia.
- Coa incorporación do mundo visigodo ao cristianismo católico, a finais do s. VI, cobrou moita importancia o concilio de bispos da Igrexa católica (**Concilios de Toledo**). Nunha etapa na que a relixión era un importante instrumento ao servizo do poder político, este órgano de tipo eclesiástico servía para orientar as decisións políticas e lexislativas.
- Formaban parte tamén do *Officium Palatinum* os denominados **comes**, é dicir, nobres que xuraban fidelidade ao rei e encargábanse de diferentes labores de goberno: *comes do tesouro*, *comes da recadación de impostos*, *mordomo de pazo*.

Para o control do territorio, os visigodos mantiveron a división provincial romana baixo o nome de **ducados** (dirixidos por *duces* provinciais delegados do rei). Dentro de cada provincia había unhas circunscricións menores, as denominadas *territoria*, dirixidas por un conde con funcións xudiciais principalmente nas cidades (*comites civitates*). Tamén eran importantes os *gardingos* (xefes militares), garda persoal do rei que vivían en palacio.

No século VII os enfrontamentos internos dividiron á nobreza visigoda en dous clans políticos e familiares que se disputaron o trono. A situación alcanzou o seu estado máis grave tras a morte do rei Witiza. Os fillos deste rei enfrontáronse cos partidarios do rei don Rodrigo, a quen escollera a meirande parte da nobreza. Esta división interna favoreceu a inmediata chegada dos musulmáns no ano 711, xa que os fillos de Witiza solicitaron a Muza, gobernador musulmán do norte de África, axudamilitar para derrotar a Rodrigo. A chegada das forzas musulmás non sería circunstancial senón que aproveitaron este enfrontamento interno visigodo para iniciar unha campaña de conquista que abriría unha nova etapa histórica na Península Ibérica.

5.- Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).

A presenza musulmana na Península Ibérica durará desde o **711 (batalla de Guadalete) ata o ano 1492 (conquista de Granada polos Reis Católicos)**. A comezos do século VIII o **expansionismo do Islam** atopouse cun **reino visigodo en crise** polos problemas sucesorios e as loitas entre a nobreza. No ano **711** un exército bereber comandado polo xeneral **Tariq** desembarcou na Península e derrotou ao rei visigodo Rodrigo na batalla de Guadalete. De inmediato o gobernador do norte de África, **Muza**, acudiu con máis tropas e emprendeu a **conquista da península**. A rápida conquista foi facilitada por pactos coa nobreza visigoda, á que se lle respectou a relixión e os seus bens, e a escasa resistencia da poboación, descontenta coa monarquía visigoda. En poucos anos só a franxa montañosa do norte escapaba ao dominio islámico.

O territorio islámico peninsular (denominado Al-Andalus) durante as primeiras décadas da conquista foi un **emirato dependente** (provincia) do Califato de Damasco. Nesta primeira etapa houbo unha forte inestabilidade pola diversidade étnica, relixiosa e económica dos novos ocupantes da Península, polo reparto de terras e pola fragmentación territorial do poder frecuentemente controlado por familias nobres.

Unha nova etapa abriuse a partir do 756 coa chegada de Abd al-Rahman I a Córdoba, onde se refuxiou da persecución da súa familia en Damasco e conseguiu proclamarse **emir**. Durante esta etapa, aínda que seguía respetando a autoridade relixiosa do califa de Bagdad, declarouse **políticamente independente**. Instalou a súa capital en Córdoba e **logrou instaurar a súa propia dinastía**. No s. IX creceron as tensións que desembocaron en importantes rebelións populares. As disensións internas entre a poboación andalusí e as ameazas dos reinos cristiáns do norte provocaron unha forte crise a finais s. IX e comezos do s. X.

Abd al-Rahman III acabou coas rebelións e proclamouse califa no 929, co que estableceu a **independencia política e relixiosa**. O **Califato de Córdoba** (929-1031) foi o momento de maior apoxeo económico, cultural e político andalusí. A partir do 976 (reinado de Hixem II) produciuse a perda do poder efectivo dos califas; quen gobernaba o califato era o *visir* (primeiro ministro) al-Mansur (**Almanzor** para os cristiáns) que concentrou nas súas mans o poder político e militar e realizou numerosas campañas (*razzias*) contra os reinos cristiáns.

No ano 1031, culmina un proceso de descrédito da institución califal e de tensións entre os distintos grupos étnicos que dá pé a un proceso de fragmentación política. A desintegración do califato deu lugar a unha vintena de pequenos estados independentes, enfrontados entre si, chamados **taifas**. Os reinos cristiáns aproveitaron as súas rivalidades esixindo o pago de tributos (chamados *parias*) a cambio de apoio e protección. No ano **1085 a toma do reino taifa de Toledo por Afonso VI, rei de Castela**, provocou que as principais taifas pedisen axuda ao reino almorábide do norte de África que profesaba uns principios moi estritos do Islám.

Os **almorábides** derrotaron aos casteláns, ocuparon militarmente as principais taifas e estableceron unha estrita ortodoxia. Os avances cristiáns e a impopularidade das súas medidas provocaron revoltas que levaron á súa caída. Como consecuencia al-Ándalus volveuse a fragmentar en pequenos

estados, os **segundos reinos de taifas**. Algunhas destas taifas pediron a axuda aos **almohades**, que dominaban o Magreb, outro movemento integrista de carácter relixioso con aspiracións de dominio político. A invasión comezou en 1146, pero só controlaron a parte sur do antigo territorio de al-Ándalus. Foron derrotados nas **Navas de Tolosa (1212)** por unha alianza dos reinos cristiáns dirixida por Afonso VIII. A conseguinte fragmentación do poder político levou á aparición dunha **terceiras taifas** das que finalmente, ante o avance cristián, só quedará o reino nazarí de Granada.

O reino nazarí de Granada foi o único reino musulmán peninsular entre os séculos XIII e XV. Estivo en mans da **dinastía nazarí** que conseguiu manter a independencia do reino gracias a unha hábil diplomacia (fíxose vasala de Castela). A principios do s. XV os problemas sucesorios desestabilizaron o reino e permitiron o avance de Castela ata que finalmente, para rematar a guerra, **os Reis Católicos pactaron co rei Boabdil a rendición de Granada en 1492**.

Al Andalus contou cunha grande diversidade étnica e relixiosa que se reflectía na sociedade. Á fronte da estrutura social estaba un pequeno **núcleo dirixente de ascendencia árabe** que dominaba os altos cargos da administración e era dona de grandes propiedades no val do Guadalquivir. Logo estaban **os bérberes** que eran a maioría dos conquistadores e tiñan unha posición inferior. A maioría da poboación era de orixe hispanovisigodo, dos que algúns conservaron o cristianismo (**mozárabes**) pero as cargas fiscais aos non musulmáns motivaron masivas conversións ao Islam (os conversos denomináronse **muladí**) e formaron a base da sociedade andalusí (campesiños, comerciantes, artesáns). Ademais, nas cidades había outros grupos como os **xudeos**, dedicados ao comercio, e os **escravos** que foron importantes no exército e no servizo doméstico das grandes casas.

A **agricultura**, moi avanzada grazas á potenciación do regadío, as novas técnicas e a introdución de novos cultivos (arroz, laranxa, cana de azucre, algodón, moreira para a cría do verme da seda, produtos de horta,...) foi a ocupación de gran parte da poboación. Xunto a unha agricultura renovada o **comercio** prosperou, dado que a Península era a porta a Europa ao tempo que se integraba no mundo islámico. O comercio exterior baseouse na fortaleza de dúas moedas: o *dinar* de ouro e o *dírhem* de prata. Exportaban produtos de luxo e agrarios e importábanse materias primas, armas e escravos. As rutas internacionais dirixíronse cara ao norte da Península, o Magreb no norte de África e o Mediterráneo.

Al-Ándalus presentou unha sociedade articulada arredor dunha importante **rede de cidades** que eran a base da organización do estado. As cidades son o escenario dunha potente **vida artesanal e comercial**. A orixe da rede urbana foi dobre: revitalizáronse e melloráronse **as antigas cidades romanas** (Sevilla, Córdoba, Zaragoza, Mérida) e creáronse **outras novas** para controlar rutas ou zonas estratéxicas (Almería) ou importantes áreas agrícolas (Murcia, Badaxoz). Algunhas cidades chegaron a ter un tamaño considerable (Córdoba foi a primeira cidade de occidente no s. X), aínda que decaeron co final do califato.

As cidades islámicas estaban concibidas para a vida privada polo que tiñan escasos lugares públicos. O seu plano era irregular, con rúas estreitas e sinuosas. As cidades estaban amuralladas. Esta zona era a **medina**, onde se situaban os principais edificios: **mesquita, zoco** (mercado urbano) e fortaleza militar ou **alcáza**. Coa expansión das cidades naceron os **arrabaldes** que tamén acabaron fortificándose polo que as cidades podían ter varios cintos de murallas.

6.- Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación) O

tradicional termo “Reconquista” alude á expansión dos reinos cristiáns peninsulares sobre Al-Ándalus, aínda que hoxe en día é discutido xa que os reinos cristiáns non eran herdeiros directos dos visigodos.

- Entre os **séculos VIII e X** configuráronse, nas zonas montañosas do norte peninsular, uns núcleos de resistencia de cristiáns que fuxiran do control islámico. Tras a vitoria en Covadonga (722) os sucesores de Pelaio crearon o **Reino de Asturias** que, na segunda metade do século IX, aproveitando os enfrontamentos internos entre os musulmáns, ocupou os territorios ata o **val do Douro**, nun proceso de ocupación máis que de conquista. Non foi un avance militar, senón que se baseou na **colonización de terras** por parte dos campesiños. Logo disto, a capital foi fixada en León por Afonso III a principios do século X, nacendo o **Reino de León**. Para defender o leste da Meseta, a área máis necesitada de reforzo militar, creouse o **condado de Castela** dependente de León ata o século X. Doutra parte, o Imperio Carolinxio dos francos ocupou os territorios ao sur dos Pireneos, a denominada **Marca Hispánica**, que foi dividida en condados. No século IX, o **Reino de Pamplona** e o **condado de Aragón** independizáronse mentres que os **condados cataláns**, entre os que destacaba Barcelona, mantiveron os lazos cos francos ata fins do século X.

- Entre os **séculos XI e XII** os reinos cristiáns consolidáronse politicamente mediante **unións dinásticas**. **Aragón** e os condados cataláns quedaron baixo a mesma Coroa (mediante o matrimonio en 1137 entre o conde de Barcelona, Ramón Berenguer IV e a herdeira de Aragón, Petronila). Un proceso de unificación similar produciuse entre **Castela e León**, malia a perda de **Portugal** que se constituiu como reino a mediados do s. XII con Alfonso Enriquez.

O avance cristián tivo lugar na medida en que se foron afirmando os diferentes reinos. As coroas de León, Castela e Portugal **levaron a liña de fronteira da cunca do Douro á cunca do Texo ao longo dos séculos XI e XII**. A debilidade dos reinos de taifas despois da caída do Califato de Córdoba permitiu a Alfonso VI conquistar Toledo en 1085. A chegada dos almorávides, chamados no seu auxilio polos reinos de taifas, freou o avance cristián ata **mediados do s. XII** en que un novo período de fragmentación no mundo musulmán permitiu a Portugal conquistar Lisboa (1147) e a **ocupación por parte de casteláns e leoneses do val do río Guadiana**. A chegada dos almohades volverá a paralizar aos cristiáns. Este dominio almohade, que será contrarrestado pola acción das ordes militares de Calatrava, Santiago e Alcántara, chegará ata o século XIII.

Na fronteira oriental os avances foron máis lentos. A comezos do s. XII a coroa de Aragón dominou o **val do Ebro** grazas aos esforzos de Alfonso I *El Batallador* quen conquistou Zaragoza no 1118. Nas terras que, a partir do s. XII, se denominarán Cataluña, o conde Ramón Berenguer IV conquistou Tortosa e Lleida.

- **A comezos do s. XIII** a derrota dos almohades na **batalla das Navas de Tolosa (1212)** abriu unha **nova etapa de expansión**. Castela abriuse paso cara o **val do Guadalquivir**, que será

conquistado, xunto con Extremadura, ao longo do s. XIII pola acción de Fernando III o *Santo* (toma de Sevilla en 1248). O seu fillo Afonso X, o *Sabio*, ocupará Cádiz e o reino musulmán de **Murcia** pechando a posible expansión aragonesa cara ao sur. En Portugal alcánzase o Algarve e a **Coroa de Aragón** ocupará as **illas Baleares e o reino de Valencia** (1238), pasando a estar integrada esta Coroa por catro reinos: Aragón, Cataluña, Valencia e Baleares e orientando a súa expansión polo **Mediterráneo**.

- Os séculos XIV e XV son séculos onde o ímpetu conquistador remite. So quedará por ocupar o reino nazarí de Granada, que foi o derradeiro enclave islámico na península ata 1492.

Unha vez que se expulsaba aos musulmáns das terras conquistadas producíase un lento proceso de **repoboación** onde os monarcas, donos das terras, animaban á poboación cristiá a ocupar as terras baleiras a cambio de concesións. Estas repoboacións fixéronse seguindo distintas fórmulas que influíron na estrutura da propiedade:

- Nun principio dominou a repoboación libre pola que aquel que roturase unha parcela obtiña a propiedade. Isto denominouse **presura** no val do Douro e **aprisio** na Marca Hispánica. Tivo lugar entre os séculos VIII - XI sobre as terras despoboadas do val do Miño, Douro e somontano pirenaico. Promovida pola nobreza e o clero, tamén contou co protagonismo de familias de campesiños libres.
- Entre os séculos X e XIII os reis otorgaron **foros e cartas de poboamento** (ou *Cartas Puebla*) para a creación de vilas e cidades en zonas despoboadas. Neles concedían liberdades e privilexios aos habitantes de esas cidades que se desexaba repoboar. No sur do Douro (séculos XI-XII), as terras foron repartidas polos concellos entre campesiños libres.
- **Doazóns ás Ordes Militares**. Nos vales do Texo e do Guadiana, ante os ataques de almorávides e almohades, os reis concederon terras, traballadas por colonos, ás ordes militares (de Santiago, Alcántara e Calatrava) encargadas da defensa do territorio
- A partir do século XIII en Valencia, Murcia, Extremadura e o val do Guadalquivir cedéronse terras aos participantes na conquista mediante a fórmula dos **repartimentos**. Os reis entregaban grandes lotes (de casas e terras) á nobreza como pagamento polo seu apoio militar. A entrega destes lotes xerou **grandes latifundios** no sur da Península.
- Por último, estaban as **capitulacións**: acordos para manter a poboación no territorio entre os reis cristiáns e a poboación musulmá e xudea que habitaba a zona conquistada, como foron as capitulacións de Granada (1492).

7.- O Réxime feudal e a sociedade estamental.

O sistema económico, social e político da Europa medieval é denominado **feudalismo**. A base deste sistema estaba no **feudo**: o territorio baixo o control dun señor (nobre ou eclesiástico). A súa orixe atópase na concesión destes territorios polos monarcas á nobreza a cambio de apoio político e militar. O señor feudal tiña autoridade sobre os campesiños do feudo que estaban sometidos a servidumbre (eran os **servos**) e aos que lles cedían terras (os denominados **mansos**) a cambio dunhas rendas e prestacións de traballo nas terras de explotación directa por parte do señor (a parte do feudo denominada **reserva señorial**). Tamén houbo campesiños libres que se encomendaron a un señor por protección ou por débedas cedéndolle as súas posesións.

Así, o mundo medieval, caracterizado pola fragmentación política e a inseguridade, organizouse en base a unha serie de relacións de dependencia nas que un individuo se sometía voluntariamente a outro a cambio de protección. O acto de **vasalaxe** implicaba un xuramento de fidelidade por parte do vasalo cara o seu señor feudal e este o compensaba con terras (*feudo ou beneficio*). Esa estrutura xerárquica estendíase por todo o edificio social: os campesiños eran vasalos do abade dun mosteiro, dun bispo ou dun nobre, pero a súa vez estes poderían selo doutro señor de maior rango ou do rei. No cumio estaba o rei que era o *primus inter pares* (o primeiro entre iguais) polo que a súa dependencia cara a nobreza era moi grande.

O feudalismo estendeuse pola **Península Ibérica** desde os territorios europeos e tivo unha rápida **implantación na zona de influencia franca** (Marca Hispánica). Os condes aragoneses e cataláns rendían vasalaxe ao rei francés, se ben, co tempo acabaron por independizarse desta tutela. En xeral as relacións de vasalaxe foron máis intensas na coroa de Aragón que na de Castela. Nestes territorios o réxime feudal desenvolveu unhas **características propias** derivadas dun contexto político de **reconquista** fronte ao Islam e de **repoboación** das terras abandonadas polos musulmáns. Por estas razóns, os **lazos de vasalaxe son menores** e as oportunidades de gozar de foros, privilexios e liberdades son maiores. A concesión de terras e foros para a repoboación e a necesidade de contar coas tropas nobiliarias ou dos homes libres dos concellos para emprender un conflito ou defender as fronteiras xogou un importante papel. Ademais a **mentalidade de fronteira** deulle un poder extraordinario a duques e condes encargados da misión de gardar as fronteiras do reino. Aí está o caso dos condes de Castela que acabarán conformando un reino propio ou o caso do conde de Portugal.

Ao longo da Idade Media a nobreza foi reforzando o seu poder, de tal maneira que o feudalismo significou unha redución do poder dunha monarquía cada vez máis dependente da nobreza. Mostra disto foi que, a partir do século XIII, os reis de Navarra e Aragón deberon xurar o respecto aos privilexios nobiliarios (foros). Especialmente significativo foi o **caso aragonés** onde o arraigo das estruturas feudais levaron ao **pactismo**, que limitaba o poder real sometendo ás Cortes. Cada un dos reinos que conformaban a Coroa de Aragón tiña as súas propias Cortes. Estas tiñan un importante poder lexislativo, grazas á fortaleza da nobreza e Igrexa. As Cortes podían facer propostas lexislativas e peticións ao rei a cambio de aprobar as achegas económicas que solicitaba o monarca. Fronte a esta situación, en **Castela** desenvolveuse un **modelo autoritario** da monarquía no que o

monarca, apoiado nas cidades, foi quen de reter gran parte do seu poder e institucións como as Cortes viron reducidas as súas funcións a tarefas consultivas e voto de subsidios.

A sociedade medieval era reflexo das relacións de dependencia e vasalaxe. Estaba dividida en **estamentos**, grupos sociais pechados marcados polo nacemento e diferenciados polo seu estatuto xurídico. Dous deles eran privilexiados, **a nobreza e o clero**. Aínda que dentro deles existían diferenzas entre a alta e a baixa nobreza (que tamén existían na xerarquía eclesiástica entre alto e baixo clero), baseaban o seu poder na posesión de terras (protexidas polo morgado ¹ dende o século XIV), a exención de impostos (a Igrexa cobraba o *décimo*) e os seus privilexios legais con leis e tribunais propios. A súa autoridade incrementouse ao concederlles os reis funcións de goberno nas súas posesións ou *señoríos* (poder xudicial, cobro de impostos e taxas, ...)

Pola contra, a meirande da parte da sociedade eran membros do estamento non privilexiado: o pobo raso ou **xente do común** que estaban sometidos á lei común, pagaban impostos e non tiñan poder político. A maioría eran **campesiños** e estaban sometidos á **servidume feudal**, aínda que algúns labregos eran **libres** (máis abundantes na metade norte da península e máis numerosos que noutras partes de Europa pola oportunidade que abría a repoboación sobre as terras conquistadas aos musulmáns).

Tamén non privilexiada era a **burguesía comercial e urbana**, enriquecida a partir do século XIII, especialmente na Coroa de Aragón. A expansión comercial do s. XIII favorecerá o crecemento das cidades e a formación dunha oligarquía urbana, protexida pola monarquía, que representará ao pobo nas Cortes medievais. Sin embargo, a maioría da poboación urbana vivía modestamente e había amplos grupos de pobres e marxinados.

Ademais, existían importantes **minorías relixiosas**: os xudeus e os mudéxares:

- Os **xudeus** asentábanse fundamentalmente nas cidades. Moitos eran comerciantes, artesáns, médicos e banqueiros que proporcionaron servizos administrativos e financeiros a numerosos monarcas. A partir do s. XIII foron obxecto da hostilidade popular, que derivou en persecucións violentas, tanto pola posición da Igrexa contra eles como pola envexa polo seu enriquecemento e o seu papel de recadadores de impostos.
- Os **mudéxares** (musulmáns que permanecían nas terras conquistadas e non se convertían ao cristianismo) foron numerosos ao sur do Texo e nos reinos de Valencia e Murcia. Eran artesáns e campesiños.

¹Institución pola cal gran parte das propiedades (xeralmente terras) dunha familia nobre ten que pasar obrigatoriamente en herdanza a un dos fillos e non pode ser vendida nin dividida.

8.- As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV)

Os séculos XIV e XV son anos caracterizados por un retroceso demográfico e unha forte crise económica, social e política.

A **crise demográfica** estivo causada por varias razóns. A primeira é a sucesión dunha serie de **malas colleitas** durante a primeira metade do XIV debido a un ciclo climático máis rigoroso, con abundancia de chuvias e períodos fríos que impiden a maduración dos froitos (por un importante enfriamento do clima que se denomina *Pequena Era Glacial*). Esta serie de anos de pobres resultados agrícolas xeraron fame e desnutrición. A **peste negra**, que chegou á península en 1348, provocou un descenso entre un 25% e un 35% da poboación e afectou especialmente a Cataluña. Este forte impacto debeuse a que, aínda que as epidemias eran frecuentes, a poboación estaba debilitada logo de décadas malas colleitas. A mediados do século XIV, a sobremortalidade tamén funde as súas raíces nas **frecuentes guerras** entre os diferentes reinos e dentro dos propios reinos na inestabilidade política e cambios de dinastías, así como no intento dos monarcas de ir dominando á nobreza e ao alto clero.

A crise demográfica provocou un **descenso do número de campesiños** e deixou despoboados moitos pobos e aldeas co conseguinte **abandono das explotacións** por falta de man de obra, a mingua da produción e unha parálise da economía en xeral. Como consecuencia, **os señores feudais viron minguar as súas rendas** e intentaron recuperar os seus ingresos impoñendo novos impostos e obrigas aos campesiños (son os denominados **malos usos**). Ademais, e tamén para manter a súa posición, aumentou a **violencia nobiliaria** dirixida contra outras familias nobres, contra os campesiños e incluso contra o rei.

Esta situación derivará nunha potente crise social porque a presión señorial sobre os grupos non privilexiados causou un forte descontento no campesiñado que acabou por facer **levantamentos contra a nobreza**. As revoltas máis importantes foron a dos **payeses de remença** (campesiños suxeitos á terra e á servidume) en Cataluña que loitaron contra o réxime señorial e os malos usos e as **revoltas irmandiñas** galegas, ambas as dúas no século XV.

En Galicia os abusos señoriais afectaron tanto ao ámbito rural como ao urbano e deron lugar ás dúas guerras irmandiñas. Os reis permitiron a creación de Irmandades para poder defenderse do abuso nobiliar e os seus membros foron denominados irmandiños. **A primeira guerra irmandiña** (1431) foi a rebelión da **Irmandade Fusquenlla**, dirixida por Roi Xordo, nas comarcas de Pontedeume e Betanzos que padecían os malos usos do conde de Andrade que acabaría por controlar a situación. A segunda guerra ou **Gran Guerra Irmandiña** tivo lugar entre os anos 1467 e 1469. Tivo maior entidade ao afectar a toda Galicia e contou cun carácter de guerra civil pola variada e numerosa participación social na contenda. Organizados na chamada *Santa Irmandade* campesiños, burgueses e fidalgos erguéronse contra a nobreza. A revolta espallouse por todo o territorio galego e os irmandiños destruíron arredor de 130 castelos e fortalezas, considerados guaridas de *“malfeitores”*, obrigando a fuxir aos principais señores feudais. Ante a gravidade dos feitos, a nobreza galega tivo que unirse e

endebedarse para pagar un exército que conseguira aplacar a revolta. En 1469 as tropas feudais, contando cunha mellor tecnoloxía de guerra venceron aos irmandiños e prenderon e mataron os seus líderes. Esta vitoria produciuse por contar co apoio dos monarcas de Castela e Portugal e poladivisión das forzas irmandiñas.

Ademais destas revoltas campesiñas, nas cidades baixomedievais, que tamén sufrían o colapso do comercio, orixináronse episodios violentos. Intensificáronse sobre todo os actos de **violencia contra as minorías**, especialmente contra os xudeus. Os desastres do s. XIV, interpretados como un castigo divino, exaltaron a hostilidade contra os xudeos e desataronse persecucións violentas (*pogrom* de Sevilla en 1391). Tamén se produciron importantes revoltas urbanas (enfrentamentos en Barcelona entre a *Biga* e a *Busca*, revolta *foránea* en Mallorca)

Por último, outra manifestación da crise baixomedieval foron os importantes conflitos que, durante os séculos XIV e XV, se produciron entre a monarquía, que buscaba impoñer a súa autoridade, e os estamentos privilexiados, que se negaban a renunciar ao seu poder. Así o mostran as **guerra civil de Castela** (1366-1369), **entre Pedro I** (alcumado “o Cruel”) e **Enrique II en Castela** que deu lugar á entronización da casa dos Trastámara e significou un enfrentamento entre o rei e a nobreza (que apostou por Enrique II) ou, a mediados do s. XV (1462-1472), a **guerra civil catalana**, entre a oligarquía catalá e o rei Juan II de Aragón ao que acusaban de pretender introducir unha monarquía autoritaria.

A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político administrativa).

O matrimonio e a posterior subida ao trono de **Isabel** (como raíña de Castela) e **Fernando** (como rei de Aragón) supuxo a creación dun novo estado que será denominado **Monarquía Hispánica**. Esta entidade englobou á **Coroa de Castela e a Coroa de Aragón**. Trátase **dunha unión dinástica**, é dicir dunha unión dos reinos a través do matrimonio dos seus reis pero non dunha unificación política dos seus reinos. Estes tiñan en común as persoas dos reis que os gobernaban conxuntamente, pero cada reino mantiña a súa lexislación e as institucións propias.

Tras a **conquista de Granada** en 1492 o Papa concedeulles o título de Reis Católicos, e completárase a súa expansión territorial na Península coa **incorporación de Navarra** á Coroa de Castela (1512), xa despois da morte de Isabel.

Os Reis Católicos son considerados dentro da Historia de España como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Acometeron unha serie de **reformas administrativas e políticas** orientadas a fortalecer o poder dos reis fronte o da nobreza, marcando o **nacemento dunha monarquía autoritaria e forte** e extinguindo a feudal. O proceso foi máis efectivo **en Castela**, en parte porque as circunstancias do acceso ao trono de Isabel tras unha guerra pola sucesión coa súa sobriña (Xoana “A Beltranexa”) permitiron castigar á facción nobiliaria contraria (confiscación de señoríos, por exemplo). Entre as medidas acometidas podemos destacar:

- A reforma do goberno central.
 - Comenzou a organizarse un **sistema de consellos** para atender ás diversas áreas de goberno. Reorganizouse o **Consello de Castela** (1480), que constituirá o principal órgano de goberno e será a instancia xudicial superior. A introdución de funcionarios reais con formación xurídica profesionalizou este organismo e minguou o poder da nobreza. Ademais creáronse outros consellos que foron de dous tipos: os territoriais (Navarra, Aragón) e os temáticos (Facenda, Indias e Inquisición).
 - Reduciuse o papel das **Cortes de Castela** (onde se reunían os estamentos privilexiados e os representantes das principais cidades do reino) dado o auxe dos consellos. A súa importancia política foi decaendo

e só foron convocadas para xurar aos herdeiros no seu cargo ou para reclamar algún subsidio extraordinario.

- Establecéronse **novos cargos de goberno**: Os **secretarios reais** que se encargaban de mediar entre os diferentes consellos e os reis e os **vicerreis**, que representarían aos soberanos naqueles territorios que pola súa distancia facía imposible a presenza dos reis (como en América).

A reforma do sistema xudicial. Creouse un sistema xudicial centralizado, graduando a importancia dos tribunais: os **corrixidores** a nivel local, as **Audiencias** e as **Chancelerías** (con sedes en Valladolid e Granada) como tribunais reais de apelación e o **Consello Real de Castela** como última instancia xudicial. O fortalecemento da xustiza real supuxo un duro golpe para a nobreza ao impoñerse por riba do sistema xudicial feudal desempeñado polos señores nos seus territorios. En Aragón había unha audiencia para cada un dos reinos, pero alí os señores conservaban gran parte das súas atribucións xudiciais.

A reforma do goberno local. A nivel urbano instaurouse o cargo de **corrixidor**, posto de designación real que se encargaba do goberno municipal e tiña competencias administrativas, xudiciais e militares. A súa actuación freou o poder das oligarquías locais (nobreza e burguesía) en favor da autoridade real.

A nivel de seguridade, destacan a organización da **Santa Irmandade**, un corpo policial creado para manter a orde pública e pacificar o mundo rural e a creación dun **exército permanente**, pagado pola monarquía e independente da nobreza, aínda que esta conservaba os cargos relevantes.

Ademais, os Reis Católicos dotáronse dun **corpo de embaixadores** para potenciar a súa activa **política exterior**.

A política relixiosa foi tamén un dos medios utilizados para o reforzamento do poder real. Xunto coa figura do monarca, a única institución común aos reinos foi a **Inquisición** (1478), tribunal encargado de manter a ortodoxia relixiosa católica. Por medio dela buscábase a cohesión da poboación e foi acompañado da represión ás outras confesións, como mostra a **expulsións dos xudeus** en 1492 ou as **conversións forzosas de mudéxares**. Tamén fomentaron as

regalías, que supoñían entre outras cousas, un control no nomeamento dos bispos.

Na **Coroa de Aragón** as reformas tiveron menos importancia. A tradición pactista e a fortaleza das institucións forais limitaron a reafirmación da autoridade rexia. Con todo, Fernando conseguiu a fin dos malos usos nobiliarios da Sentenza Arbitral de Guadalupe e, debido ao absentismo do rei, nomeou un representante real (primeiro lugartenente, logo vicerrei) en cada estado de Aragón e creou o Consello de Aragón con amplas funcións políticas. A introdución da Inquisición, baixo o poder do monarca, reforzou as súas competencias nestes reinos. Malia que a centralización castelá contrasta coa situación en Aragón, os Reis Católicos sentaron as bases do estado moderno e da monarquía autoritaria nos seus reinos.

. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

Felipe V, inspirándose nas políticas do seu avó Luis XIV de Francia, levou a cabo unha fonda transformación das formas de goberno da monarquía española seguindo os principios do absolutismo, o centralismo e a racionalización administrativa. Esta transformación traduciuse nunha ampla reforma das institucións e do funcionamento da administración. O reforzamento do poder real, segundo conceptos do absolutismo monárquico, esixía a centralización e a uniformización xa que respondía á idea de que a eficiencia administrativa equivalía á administración directa polo rei. Ademáis, deste xeito, tamén se pretendía facer fronte á decadencia da monarquía hispánica.

Os **Decretos de Nova Planta** son a mellor mostra deste proceso. Baixo esta denominación coñécense **un conxunto de normas que produciron a supresión do réxime foral da Coroa de Aragón, das súas institucións e leis propias e a súa substitución polo sistema establecido en Castela**. Foi unha reforma auspiciada polo monarca Felipe V de Borbón, inspirándose no modelo francés, co obxectivo de lograr un maior grao de centralización territorial mediante a unificación lexislativa e institucional.

O **apoio dos reinos que integraban a Coroa de Aragón a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión** española motivaría e xustificaría a aplicación dos Decretos de Nova Planta, ao considerar a estes reinos rebeldes. Esta aplicación fíxose en paralelo á ocupación dos diferentes reinos polas tropas de Felipe V no transcurso da guerra : os decretos para os reinos de **Valencia e Aragón en 1707** despois da batalla de Almansa , para o reino de **Mallorca en 1716** coa ocupación das illas e para o **Principado de Cataluña en 1714** trala conquista de Barcelona.

As **principais medidas** establecidas nos decretos foron a **abolición das Cortes de Aragón, Valencia e Cataluña**.e a introdución nos diversos territorios de institucións casteláns destinadas a garantir un maior control dos mesmos (Audiencias, Capitáns Xerais, Intendentes, Corrixidores). Tamén se **suprimiron os vicerreis**. A reordenación estendeuse á facenda, aínda que non supuxo a introdución dos tributos casteláns, senón a **implantación dun sistema tributario novo**. O modelo estaba baseado nun único imposto de cotas fixas, repartido en función da riqueza dos veciños, que inspiraría o proxecto da *única contribución* que despois intentou implantar en Castela o marqués da Ensenada no reinado de Fernando VI. A **supresión das aduanas interiores** sería outra das medidas adoptadas entón, xunto coa imposición do **castelán como lingua da administración**.

Ademais dos cambios homoxeneizadores na administración territorial, o absolutismo e a modernización tamén afectaron á administración central nun ámbito máis amplo: suprimíronse Consellos e o Consello de Aragón pasou a integrarse no Consello de Castela, as Cortes de Castela quedaron reducidas a unha tarefa cerimonial e creáronse novas institucións e órganos de goberno que respondían directamente ao monarca, como os **secretarios de despacho** (antecedente dos modernos ministerios).

As políticas absolutistas e centralistas supuxeron unha profunda alteración da constitución tradicional da monarquía española: o antigo agregado de coroas e reinos que mantiñan as súas propias institucións e leis formado a partir dos Reis Católicos, deu paso a un estado centralista. **Os decretos de Nova Planta converteron os antigos reinos da Coroa de Aragon en provincias gobernadas por un Capitán Xeral** (militarizando a administración) desenvolvendo un sistema provincial que se xeneralizou a toda España.

Pese a todo, aínda que se reforzou o poder da monarquía e se configurou unha administración máis directa e eficaz, tratouse dun **proceso de centralización incompleto** xa que se conservaron moitas prácticas do pasado e institucións tradicionais: perviviron algúns Consellos como o de Castela, gran parte do territorio mantívose baixo o réxime e a xurisdicción señorial e territorios como o País Vasco e Navarra conservaron os seus *fueros* e privilexios pola súa fidelidade a Filipe V na Guerra de Sucesión.

No estudo dos efectos dos Decretos de Nova Planta tamén se debe tomar en consideración que, especialmente en Cataluña, persistiu o recordo das liberdades perdidas en 1714 e a súa reivindicación será a base de futuras mobilizacións políticas.

- **Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)**

Ao longo dos séculos XVI e XVII, **a sociedade e a economía galega** foi fundamentalmente agrícola (máis do 80% da poboación vivía en e do campo e estivo fortemente ligada ás posibilidades produtivas da terra).

A **evolución económica e demográfica** de Galicia pasou por diversas fases:

◆ **O século XVI foi unha época de crecemento.** O desenvolvemento estivo relacionado coa situación estratéxica de Galicia nas **rotas comerciais atlánticas**, que favoreceu a **expansión das actividades comerciais e artesanais**. Nesta época na **agricultura** mantívose o vello sistema de produción feudal baseado no **cultivo de cereais (trigo e centeo)** e no barbeito, que permitiu o **crecemento da poboación**. Este crecemento duplicou a poboación sobre todo na costa, donde estaban as principais vilas: Pontevedra, Vigo, Baiona, Tui, Betanzos, Redondela e A Coruña, ás que se sumaban Santiago e Ourense no interior.

A actividade pesqueira, que alcanzara na Idade Media un importante desenvolvemento, mantívose durante o século XVI destacando o crecemento da vila de Pontevedra cun influínte gremio de mareantes a través do que se controlaba a salga do peixe. Pero, dende finais do século XVI, a obriga de que os barcos pesqueiros tiñan que ir acompañados de protección armada polos perigos dos ataques holandeses e ingleses, orixinou unha importante recesión do sector durante o século XVII.

O crecemento decaeu finais do século XVI e durante as primeiras décadas do XVII, como consecuencia das crises políticas e da **ruptura do equilibrio entre poboación e recursos**. O crecemento da poboación non fora acompañado polo dos recursos agrícolas o que favoreceu a aparición de crises de subsistencia, con **malas colleitas, fames e pestes**, que provocaron o descenso da poboación.

◆ **A segunda metade do s. XVII** foi, de novo, unha época de **recuperación** que se mantivo ata mediados do XVIII. Este periodo foi de **agrarización e ruralización** e coincidiu coa **introdución do millo en Galicia** a partir de 1630. As dificultades estimularon a transformación do sistema de cultivo. Desde a costa e cara ao interior, foise estendendo o cultivo deste produto, procedente de

América, que alterou o sistema de rotacións, diminuindo en moitas zonas o barbeito e potenciando o incremento da gandería. Os cambios permitiron un forte crecemento da produción e da poboación, que fixo de Galicia unha das rexións máis poboadas de España, con máis dun millón de habitantes, e que contrastaba co panorama negativo do século XVII no resto de Europa.

A **estrutura da sociedade galega** nos séculos XVI e XVII centrábase na **terra**. Dunha parte estaban os perceptores de rendas señoriais, tanto eclesiásticos coma fidalgos (que integraban a baixa nobreza rural), e doutra estaban os labregos, que traballaban as terras baixo diferentes formas de cesión, aínda que desde o século XVI a máis estendida era o **foro**. Este sistema de explotación provocou que as clases dominantes de Galicia se configurasen como unha **sociedade de rentistas**, entre as que salientaba polo seu número a fidalguía rural.

- **A alta nobreza galega**, que estivo en moitos casos asociada ás empresas políticas e militares dos Austrias, destacou polo seu absentismo de Galicia. Estes nobres (os Andrade, Lemos, Sarmiento e Monterrei) desempeñaron elevados cargos na administración (vicerreis, embaixadores) e paulatinamente enlazaron coas familias nobiliarias castelás.
- **O clero** foi en Galicia un grupo moi poderoso; percibía unha parte importante das rendas agrarias e exercía un enorme poder no seu territorio. Resulta moi característico de Galicia o poder dos señoríos eclesiásticos dos mosteiros.
- **A fidalguía galega**, integrada principalmente pola pequena nobreza, grupos de burgueses (escribáns, escudeiros, comerciantes) e campesiños enriquecidos, foise configurando como un grupo ben diferenciado e cada vez máis poderoso que centraba a súa actividade no cobro de rendas (foros, subforos, arrendamentos). Tamén lograron converterse en intermediarios entre os propietarios (alta nobreza e clero) e os labregos que cultivaban a terra e pagaban foros e arrendamentos. O ascenso da fidalguía galega como grupo de poder explícase pola estrutura e organización da propiedade da terra en Galicia. A isto tamén contribuíu o baleiro de poder que deixou o absentismo da alta nobreza. A consolidación da fidalguía como grupo social e económico poderoso quedou xa plenamente configurado durante o século XVII. A súa categoría social farana visible mediante a construción de grandes **pazos** que se converteron no mellor expoñente do seu poderío.

- Os **labregos** eran aproximadamente o 80% da poboación de Galicia. A maioría traballaban unhas terras que case nunca eran da súa propiedade e vivían nunhas duras condicións.
- Á marxe desta división social de base foral, existían outros grupos sociais non privilexiados: os **mariñeiros**, agrupados en gremios e confrarías; os **artesáns urbanos**, tamén organizados en gremios, e, en terceiro lugar, os **comerciantes**.

O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial)

Ao remate da Guerra de Sucesión Felipe V e os seus sucesores víronse na obriga de **modernizar o exército e a armada** para reforzar a posición de España no contexto internacional. No relativo á mariña, a armada española era fundamental na defensa das rutas comerciais con América. Seguindo os principios do absolutismo centralista da nova filosofía de goberno, **Felipe V unificou as distintas escuadras nunha única armada real** e estableceuse o **recrutamento obrigatorio de mariñeiros** por medio da **matrícula de mar** (1737). Para unha mellor administración José Patiño, ministro de Felipe V, dividiu a costa española en tres **Departamentos Marítimos** en 1726: **Cádiz, Ferrol e Cartaxena**. En cada unha desas cidades estableceuse un **arsenal**, seguindo o modelo francés de instalacións combinadas de **estaleiros e almacéns de armas**, que fomentaron a construción naval e o incremento de buques de guerra. Estas políticas terán continuidade no reinado de Fernando VI que intentará reforzar a posición internacional de España e prestará atención prioritaria ó desenvolvemento e modernización da armada a mans do marqués da Ensenada.

As reformas na mariña tiveron importantes **repercusións en Galicia**. Dunha parte, **a matrícula de mar tivo un grande impacto nos núcleos pesqueiros do país** causando malestar polo seu carácter forzoso. Doutra, a escolla de **Ferrol** como capital do Departamento Marítimo do Norte e unha das bases das Armadas Reais en 1726 fixo que unha pequena poboación mariñeira se transformase nunha **cidade**, coa conseguinte **transformación social e urbanística** (no barrio da Magdalena seguiu-se un trazado urbanístico en forma de dameiro moi do gusto dos arquitectos ilustrados). A partir de 1746, co marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a construción dos estaleiros e do arsenal que converteron a Ferrol na principal cidade de Galicia que chegou a contar, a finais de século, con 25.000 habitantes. O impacto desta elección

non se restrinxe á cidade departamental, senón que grazas a Ferrol, Galicia, cunha economía esencialmente agraria, contou co seu primeiro núcleo industrial polo desenvolvemento da construción naval no arsenal.

Na **segunda metade do século XVIII** os gobernos de Carlos III intentaron desenvolver **políticas reformistas** inspiradas nos principios ilustrados sen renunciar ao absolutismo político. Entre as medidas reformistas, que buscaban o **desenvolvemento económico**, destaca a política de liberalización do comercio con América que suprimiu o monopolio deste comercio que detentaba Cádiz. **En 1765 permitiuse comerciar directamente con América a varios portos españois, entre eles o da Coruña.** Ademáis, no ano anterior (1764), o goberno de Carlos III establecera na Coruña o **Servizo de Correos Marítimos**. Esta era unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia oficial e privada cara ao porto da Habana e (desde 1767) a Bos Aires, que tamén podían transportar persoas e mercadorías. Ambas concesións contribuíron a favorecer o crecemento comercial da Coruña e a renovación urbanística e portuaria da cidade.

A existencia dos Correos Marítimos, o privilexio de poder comerciar con América, o funcionamento do Arsenal da Mariña, xunto coa existencia de importantes materias primas (como o liño e a sardiña) permitiron, ao longo do século XVIII o **incremento das actividades mercantís en Galicia**, principalmente nos seus portos e, en especial na Coruña. Así mesmo, atraídos por esas vantaxes, produciuse o **asentamento de numerosos comerciantes foráneos**, principalmente vascos, asturianos, maragatos e cataláns. Eles convertéronse nos principais dinamizadores do sector, creando numerosos negocios e introducindo importantes innovacións. Cabe destacar o caso de:

Os *fomentadores cataláns*, comerciantes que dinamizaron o sector pesqueiro (principalmente da sardiña) introducindo novas técnicas de pesca (*xávega*) e de conservación (*salga*), así como o traballo asalariado e a comercialización a grande escala.

O proxecto de Antonio Raimundo Ibáñez, que puxo en marcha as Reais Fábricas de Sargadelos (en Cervo na provincia de Lugo), inicialmente un complexo siderometalúrxico para abastecer ao exército e logo unha industria cerámica.